

Prezados alumnos e alumnas, por mor da suspensión de clases, achegareivos telematicamente actividades para realizar cada semana. O xeito de entregalas e de solucionar dúbidas é a través do meu correo electrónico: xoangr@edu.xunta.es
Agardo que o voso confinamento sexa levadeiro e que lle tiredes aproveitamento académico a pesares das limitacións do procedemento. Apertas e ánimo.

Actividade de repaso do 17 de marzo de 2020

Realizar a seguinte nómina seguindo o procedemento explicado nas clases previas:

Unha traballadora do grupo 2 de cotización ten as seguintes retribucións mensuais:

Salario base: 1.500 euros.

Plus de nocturnidade: 400 euros.

Plus de produtividade: 500 euros.

Horas complementarias: 100 euros

Horas extraordinarias de forza maior: 250 euros.

Dietas de transporte: 100 euros

Ten dereito a tres pagas extraordinarias de salario base que cobrará prorrateadas todos os meses. O tipo de retención é do 18%. Calcular a nómina do mes de marzo sabendo que se marcha voluntariamente da empresa o día 10 de marzo, que ten un contrato temporal a tempo parcial (35 horas sobre unha xornada completa de 40 horas semanais) e que xa gozou das vacacións lle corresponden.

Data de entrega da actividade: 23 de marzo de 2020

Lugar de entrega e resolución de dúbidas: xoangr@edu.xunta.es